



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

DECRETO: APROBACION BOLSA AUXILIAR RADIO LOCAL. EXPTE.TEDEC:2025/E001/000008

DON XOAN XESUS CARRIL RAMOS, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Vista acta do tribunal de data 21 de xullo de 2025, publicada no taboleiro de anuncios do concello o día 23 de xullo de 2025, co seguinte contido:

ACTA TRIBUNAL SELECCIÓN PERSOAL PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA CONTRATACIÓNS TEMPORAIS DE AUXILIAR/ES DE RADIO LOCAL. Expte; 2025/E001/000008

Reunidos ás 09:30 horas, en data 21 de xullo de 2025, nas instalación de radio Arzúa, os membros do tribunal de selección persoal para formación dunha bolsa de emprego polo sistema de oposición para contratacións temporais de auxiliares de radio, ditas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 19/06/2025, e publicadas no bop numero 123 de data 1 de xullo de 2025, e tamén ese mesmo día no taboleiro de anuncios do concello.

Nomeados e convocados a esta sesión por decreto do alcalde . Aprobando a lista definitiva e fixando a data de constitución e realización da probas de que consta a oposición.

Estando presentes os seguintes membros do tribunal:

Presidente: Armando Cascón Rodríguez. Director da Emisora municipal de radio.

Vogais:

- Luis Fole Barrio, arquitecto técnico municipal
- Jose Ramon Bernárdez Sexto, auxiliar radio municipal
- Jose Ramon Torreiro González, bibliotecario concello de Arzúa

Secretaria: Irene Couselo del Río. Auxiliar administrativa do Concello de Arzúa.

Polo Presidente declárase constituído o Tribunal, iniciase a sesión conforme as bases que rexen este proceso selectivo que indican:

10.1- Una proba teórica, que consistirá na defensa e exposición ante o Tribunal da PROGRAMACIÓN presentada por cada un dos aspirantes xunto coa solicitude.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización deste exercicio provistos de DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal; no lugar día e hora sinalados polo Tribunal.

O aspirante disporá dun tempo de **DEZ (10) minutos** como máximo para súa explicación.

A programación será valorada no seu conxunto (contido e exposición) aplicándolle unha **puntuación máxima de 10 puntos, sendo necesario para superala obter un mínimo de CINCO (5) puntos.**

As cualificacións desta proba efectuaranse sumando as puntuacións outorgadas por cada membro do Tribunal con dereito a voto, de 0 a 10 puntos, e dividindo o total entre o número de membros do Tribunal con dereito a voto.

As puntuacións faranse públicas unha vez rematada a exposición de todos os aspirantes, concretando o lugar, día e hora para a realización da proba práctica de aqueles aspirantes que superaron a proba teórica.

Chamase aos aspirantes para que realicen a proba teórica, a exposición programación radio que presentaran xunto coa súa solicitude, durante un tempo máximo de 10 minutos.

Unha vez realizada a proba teórica, por unanimidade o tribunal acordou outorgar as seguintes puntuacións:

NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN PROBA TEORICA
MARTA VÁZQUEZ AGRA	7 PUNTOS
DAVID MARANTE MANTEIGA	4 PUNTOS
LORENA VÁZQUEZ CODESIDO	9 PUNTOS

Ditas puntuacións son comunicadas polo tribunal aos tres aspirantes, quedando excluído do proceso David Marante Manteiga, por non acadar a puntuación mínima de 5 puntos.

Unha vez comunicadas as puntuacións, o tribunal procede a realización da proba practica, coas dúas aspirantes que superaron a proba teórica, dita proba consiste:

10.2- Una proba práctica, que consistirá en encargarse do control técnico durante a emisión dun programa.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal; no lugar, día e hora sinalados polo Tribunal.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de **DEZ (10) minutos; e cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de CINCO (5) puntos.**

Para a realización da proba práctica seguirase a orde alfabética dos apelidos dos/as aspirantes que superaron a proba teórica.

As cualificacións desta proba efectuaranse sumando as puntuacións outorgadas por cada membro do Tribunal con dereito a voto, de 0 a 10 puntos, e dividindo o total entre o número de membros do Tribunal con dereito a voto.

As puntuacións faranse públicas unha vez rematada a proba.

Realizada dita proba practica, a cal consistiu en presentar unha canción, edición e gravación do audio, o tribunal acordou outorgar as seguintes puntuacións:

NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN PROBA PRACTICA
MARTA VÁZQUEZ AGRA	7 PUNTOS
LORENA VÁZQUEZ CODESIDO	8 PUNTOS

Polo que a puntuacións totais serían as seguintes.

NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN PROBA TEORICA	PUNTUACION PROBA PRACTICA	PUNTUACION TOTAL
MARTA VÁZQUEZ AGRA	7 PUNTOS	7 PUNTOS	14 PUNTOS
LORENA VÁZQUEZ CODESIDO	9 PUNTOS	8 PUNTOS	17 PUNTOS.

O tribunal por unanimidade **Acordou**:

PRIMEIRO: Elevar ao alcalde, para a súa aprobación a seguinte lista de aspirantes para formar parte da bolsa de emprego pola orde que segue por orde de puntuación:

1. Lorena Vazquez Codesido.....17puntos
2. Marta Vázquez Agra.....14 puntos

SEGUNDO: Publicar no taboleiro de edictos do Concello esta acta.

Pola presente en uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases de réxime Local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a listas de persoas que formaran parte da bolsa de emprego pola orde que segue conforme a proposta do TribunaL.

1. Lorena Vazquez Codesido.....17puntos
2. Marta Vázquez Agra.....14 puntos

Dita bolsa funcionara conforme as normas establecidas na base 11 que rixen este proceso de selección.

SEGUNDO.- Publicar este decreto no taboleiro da sede electrónica aos efectos oportunos.

ARZÚA, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O Alcalde - Presidente

O secretario

Asdo:.-Xoán Xesús Carril Ramos

Asdo: Alfonso Manuel Alcalá Pérez